



José Manuel Mayo Priegue en calidade de secretario accidental do Concello de Muros,

**CERTIFICO:**

Que a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 20 de marzo de 2024 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**2. Asuntos económicos/contratación:**

**b) Inicio de expediente de contratación da obra “Mellora das infraestruturas hidráulicas na Rola, Serres” financiada pola Deputación da Coruña POS+ ADICIONAL 2/2023 (Exp. núm.: 2024/C003/000001)**

*Visto que mediante memoria efectuada pola Alcaldía do Concello de Muros de 23 de febreiro de 2024, detectouse a necesidade de realizar a contratación da obra de a “Mellora das Infraestruturas Hidráulicas na Rola, Serres”.*

*Visto que consta no expediente informe de Intervención sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente así como emisión da retención de crédito correspondente.*

*Visto que emitiuse pola Secretaría informe de procedemento sobre a lexislación aplicable, procedemento a seguir, órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato e demais aspectos previstos normativamente.*

*Visto o informe proposta favorable de Secretaría e o informe de fiscalización previa favorable da Intervención municipal.*

*De conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda e artigo 117 da LCSP, así como a delegación efectuada pola Alcaldía, mediante decreto núm. 697/2023 de 26 de xullo, publicada no BOP núm. 147 de 3 de agosto, a Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:*

*PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria do contrato de obra “Mellora das Infraestruturas Hidráulicas na Rocha, Serres” financiada con cargo ao POS+ADICIONAL 2/2023.*

*SEGUNDO. Autorizar e comprometer o gasto por importe do orzamento de licitación, 199.658,12 €, IVE incluído, con cargo ao saldo de créditos retidos da aplicación orzamentaria 2023/160/60900 do estado de gastos do Orzamento municipal do 2021, prorrogado, no RC 220240000642*

*TERCEIRO. Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular os prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas.*

*CUARTO. Publicar o anuncio de licitación na plataforma de licitación do sector público.*

*QUINTO. Designar aos membros da mesa de contratación e publicar a súa composición no perfil de contratante.*

*Presidencia da mesa:*

- *Presidencia: Concelleira delegada de obras e servizos, promoción económica e festexos, participación cidadá e relacións veciñais, ensino e lingua, Laura Eiras Rivadeneira.*
- *Suplente: Concelleiro delegado de persoal e servizos sociais, Mario Martínez Lago*



## CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1  
15250 A Coruña  
T. +34 981 826 050

### Vogais:

- *A titular da Secretaría municipal, Mónica Freire Dosil, que actuará como vogal xurídico, ou funcionario/a que actúe como secretario/a accidental.*
- *O titular da Intervención municipal, Francisco Abeijón Núñez, que actuará como vogal ou funcionario/a que actúe como interventor/a accidental.*

### Secretaría da mesa:

- *José Manuel Mayo Priegue, funcionario de carreira do Concello de Muros.*
- *Suplente: María Noelia Louro, funcionaria do Concello de Muros.*

*SEXTO. Facultar á alcaldesa do Concello de Muros para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.*

E para que así conste, coa excepción do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, ao non terse aprobada a acta e, por tanto, a reserva dos termos que resulten da aprobación correspondente, expido este certificado da orde e co visto e prace da alcaldesa dona María Lago Lestón na data da sinatura dixital.

Documento asinado electronicamente.